

## Tarefas de Historia 4º da ESO para facer en Semana Santa

Ola alumnas, como o imos levando? Bueno, espero que esas notas fosen suficientemente boas como para que poidades desfrutar dunhas boas vacacións de Semana Santa, vendo películas relixiosas!!! Pola miña banda, decirvos que decidín poñervos un punto máis a cada un de vós con respecto á nota que sacáades na 1ª avaliación. Ese punto a maiores é, fundamentalmente, por terme aturado ao longo desas semanas de marzo. Logo xa veremos como imos resolver na 3ª avaliación pero como diría Jack “o destripador”: Vaiamos por partes.

Vouvos enviar unhas tarefas (poucas) para esta Semana Santa para cando vos entre a apatía.

Unha vez visto que as reformas propostas polo despotismo ilustrado non serviron de moito, tócanos estudar os procesos revolucionarios protagonizados pola burguesía, co apoio do pobo, e que serviron para modificar por completo as estruturas políticas, sociais, económicas e culturais do noso mundo occidental.

Nesta primeira semana ímonos centrar, fundamentalmente, nos aspectos políticos desas revolucións “liberais”.

Entón, imos facer así:

- Poñemos o título do tema.
- Facemos unha redacción co esquema que aparece na introdución do tema: páxina 37.
- Respondemos ás cuestións do tema, da 1 á 15.

E isto e todo, amigos. Espero que pasedes unhas festas tranquilas, e que á volta teñamos un pouquiño máis claro o que imos facer coa 3ª avaliación. Ánimo e a seguir resistindo, champions!!!

Unha aperta solidaria,  
David.